

## **BASES DA CONVOCATORIA DO 2º CERTAME "SAN SADURNIÑO EN FLOR"**

Aínda que este ano tampouco poderemos celebrar a *Feira da Plantación*, o Concello non renuncia a renderlle homenaxe á primavera e a todo o que significa de esperanza e alegría, polo que o II CERTAME "SAN SADURNIÑO EN FLOR" propón de novo engalanar con flor e planta as fiestras, balcóns, xardíns, ou mesmo os escaparates dos negocios do concello.

Seguramente saberedes que o Concello de San Sadurniño foi admitido o pasado ano 2020 na rede de "Vilas en flor", auspiciadas pola Fundación Juana de Vega, feito que, ademais dunha honra para nós, é tamén un compromiso de seguir alentado á participación no "San Sadurniño en flor", un proxecto colectivo no que canta máis xente participe, mellor. Agardamos que esta iniciativa tire polo turismo e axude a promover a nosa produción local e a nosa hostalaría.

### **BASES DE PARTICIPACIÓN**

**PRIMEIRA.-** Datas: "San Sadurniño en flor" desenvolverase **entre o 25 de abril e o 13 de xuño de 2021.**

**SEGUNDA.-** Requisitos: Para formar parte desta iniciativa será requisito indispensable dispoñer de vivenda habitual ou ocasional en San Sadurniño, ben sexa en propiedade ou en réxime de aluguer. Así mesmo poderán participar as entidades sen ánimo de lucro do territorio, utilizando para tal fin os seus propios locais ou ben espazos públicos para os que deberán ter a autorización municipal correspondente.

**TERCEIRA.-** Inscripción: Para apuntarse haberá que chamar ao **616332919**, ou enviar un correo electrónico a [agustin.perez@sansadurnino.gal](mailto:agustin.perez@sansadurnino.gal), **antes do 7 de maio**, indicando:

Nome e apelidos

Enderezo

Teléfono de contacto

Categoría na que se quere participar ( tan só unha por participante-vivenda).



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**CUARTA.-** Reparto e preparaci3n da composici3n: O Concello, en colaboraci3n cos viveiros locais, VIVERGAL, FLOR GALICIA, A CASA DA PLANTA e VIVEIROS GUNDÍN, preparará un lote de plantas e levaraa ás casas das persoas participantes completamente de balde. **O reparto farase entre o 10 e o 20 de maio. O lote estar3 compoisto por seis plantas, un folleto informativo e un sinal identificativo de participaci3n no certame, que deber3 ser colocado preto da composici3n floral presentada a concurso.**

Unha vez recibidas as plantas deber3n colocarse en funci3n da categori3a na que se queira participar. **Deber3n dispoñerse obrigatoriamente nun lugar visible desde a vía p3blica.**

As persoas inscritas deber3n comprometerse a participar no certame coa súa composici3n floral. No caso de non facelo, non poder3n participar nos seguintes dous anos.

Tan pronto se teña decorada a casa ou o espazo exterior elixido, **haber3 que sacarlle 3 composici3n como m3ximo 3 tres fotos**, desde o 3ngulo que quede m3is lucido (**3 obrigatorio que como m3ximo unha das fotos mostre que as plantas e o sinal do certame son perfectamente visibles desde a vía p3blica**).

**Esas 3 imaxes ter3n que enviarse** logo por correo electr3nico ou por whatsapp ao mesmo n3mero de contacto, **antes do 30 de maio.**

No suposto de que as fotos presentadas non re3nan os requisitos sinalados, requirirase 3s persoas interesadas para que no prazo de tres d3as naturais (do 31 de maio ao 2 de xuño) emenden as anomal3as advertidas. No caso contrario, procederase 3 súa anulaci3n.

As solicitudes presentadas f3ra de prazo non ter3n dereito a participar no certame.

Todas **as fotograf3as poder3n publicarse posteriormente no Facebook, na web sansadurnino.gal ou nas redes sociais municipais.** A participaci3n no certame implica a autorizaci3n ao Concello de San Sadurniño para reproducir as fotograf3as tanto neses soportes como en calquera outro que se empregue para d3rle difusi3n 3 iniciativa.

**QUINTA.-** Categor3as e condici3ns esixidas para cada unha delas:

**1.- Nova composici3ns floral en exterior:**

- Nun espazo da finca, terraza, patio, curral, etc. haber3 que crear unha nova composici3n floral, que deber3 estar feita coas plantas achegadas polo Concello, podendo engadir outras que se merquen, as3 como elementos decorativos que complementen a composici3n.

## **2.- Xanelas e balconadas:**

- Deberán decorarse fiestras e/ou balcóns empregando plantas e outros elementos decorativos. Poderán aproveitarse plantas das que xa se dispoña, mercar máis e engadirles as que entregue o Concello.

## **3.-Escaparates de negocios:**

- Nesta categoría só poderán participar comercios e locais de hostalaría en activo, decorando o seu escaparate, as xanelas ou a entrada, empregando para iso plantas e outros elementos decorativos. De igual maneira poderán engadírselle ás proporcionadas polo Concello outras flores ou plantas que xa se posúan ou que se merquen para aumentar o volume da composición.

## **4.- Xardíns máis vistosos:**

- As flores achegadas polo Concello poderán ser incorporadas a un xardín xa existente, polo que se valorará tanto o traballo realizado durante anos no seu coidado como a habilidade para enriquecelo coas plantas proporcionadas no marco de "San Sadurniño en flor".

**SEXTA.-** Avaliación: Un xurado formado por unha persoa nomeada polo Concello e dúas en representación dos viveiros locais fará as valoracións dos conxuntos e incluso poderá visitar os que considere necesarios. **As decoracións premiadas daranse a coñecer o día 10 de xuño.**

**SÉTIMA.-** Premios: "San Sadurniño en flor" estará dotado cun total de 35 premios, compostos por lotes de produtos de empresas locais relacionadas co sector primario e a hostalaría.

- **10 premios para as mellores composicións florais de exterior**
- **10 premios para as xanelas/balconadas máis floridas**
- **5 Premios para os negocios mellor decorados**
- **10 premios para os xardíns máis vistosos**



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

A data da **entrega de premios será o domingo 13 de xuño** e, de ser posible, farase na Casa do Concello.

**OITAVA.-** Calendario xeral:

Duración do certame: entre o 25 de abril ao 13 de xuño

Inscricións: do 26 de abril ao 7 de maio

Reparto de flores: do 10 ao 20 de maio

Recepción de fotos/vídeos: ata o 30 de maio

Prazo para enmendar erros: do 31 de maio ao 2 de xuño

Publicación das decoracións premiadas: 10 de xuño

Entrega de premios: 13 de xuño

Concellerías de Desenvolvemento Local e Cultura do Concello de San Sadurniño